

CONTRATOS-PROGRAMA INCLÚE ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E O CPI de Atios (Valdoviño) PARA O DESENVOLVEMENTO, O SEGUIMENTO E A AVALIACIÓN DUN PLAN DIRIXIDO Á MELLORA DO ÉXITO ESCOLAR DURANTE O CURSO 2021/22

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, en calidade de conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación deste departamento, de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da Lei 1/1983, do 22 de febreiro; na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e no Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Doutra parte, don Antonio Cebreiro Melero, en calidade de director do CPI de Atios de Valdoviño (código de centro nº 15018148), en uso das competencias que lle otorga a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e os decretos polos que se aproban os regulamentos orgánicos dos distintos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

As partes recoñécense reciprocamente con capacidade para a sinatura deste contrato-programa e, con tal efecto,

MANIFESTAN

Primeiro. Por Resolucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional do 11 de xuño de 2021 regúlanse os contratos-programa Inclúe (CPIInclúe) e Innova (CPIInnova) para fomentar a inclusión e a innovación nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2021/22.

Segundo. O apartado 14 das Resolucións citadas dispón que os centros que sexan autorizados para o desenvolvemento dun Plan de Mellora asinarán un contrato-programa que recolla as actuacións do plan e os acordos entre o centro e a consellería.

Por isto, ao amparo da lexislación vixente, as partes formalizan este contrato-programa, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto, natureza, réxime xurídico e período de vixencia

Este contrato-programa ten por obxecto desenvolver os contidos das Resolucións do 11 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regulan os contratos-programa (CPIInclúe e CPIInnova) para fomentar a inclusión e a innovación nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2021/22.

Neste documento expóñense os compromisos da Administración educativa e do centro docente para o cumprimento do establecido nas citadas Resolucións.

O período de vixencia deste contrato corresponde ao curso escolar 2021/22.

SEGUNDA. Compromisos das partes



As partes obríganse aos compromisos que figuran no Anexo deste contrato.

TERCEIRA. Seguimento e avaliación do contrato-programa

As comisións de seguimento e avaliación dos contratos-programa (CPIInclúe e CPIInnova), segundo o establecido no apartado 15 de ambas Resolucións do 11 de xuño de 2021, estarán integradas por representantes da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, da dirección do centro docente e a persoa inspectora do centro.

CUARTA. Indicadores de avaliación do plan

Para a avaliación do plan, a comisión de seguimento e avaliación valorará o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no plan presentado polo centro docente, considerando os indicadores de autoavaliación previstos neste.

Finalmente, en proba de conformidade, as partes asinan este contrato-programa por duplicado, en Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

O director

Román Rodríguez González

Antonio Cebreiro Melero



Anexo

CÓDIGO DO CENTRO: 15018148
CENTRO: CPI de Atios - Valdoviño - A Coruña
PROGRAMA: Contratos-Programa Incluído
ESTADO: Admitido
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

02. IGUÁLA-T

d) Medidas para o desenvolvemento desta modalidade

- 1.- Actividades de educación emocional e estratexias de atención e apoio social, intervención individualizada pola persoa orientadora para a aprendizaxe e desenvolvemento de habilidades sociais, de comunicación, autoestima e asertividade, e derivación, se procede, a servizos da Consellería competente en materia de protección de menores.
- 2.- Desenvolvemento de estratexias referidas á inclusión e a equidade educativa.
- 3.- Actuacións de desenvolvemento de habilidades sociais, de comunicación, emocionais e de empatía, campañas de sensibilización para a igualdade de xénero e de prevención e rexeitamento da violencia, así como programas de mediación e de axuda entre iguais.
- 4.-Orientacións ás familias sobre como axudar aos seus fillos ou fillas no ámbito familiar e sobre posibles apoios externos e recursos institucionais dispoñibles para recibir axuda psicolóxica e asesoramento xurídico.
- 5 -Orientacións ao profesorado e persoal non docente sobre como intervir ante unha situación de violencia de xénero, racismo, acoso, etc e como desenvolver accións de sensibilización, prevención e rexeitamento da violencia, así como actividades de formación específica.

j) Indicadores (sinale como mínimo 1 deles)

01. Número de accións encamiñadas á prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia

6

02. Número de actividades desenvolvidas para a prevención e abordaxe da violencia de xénero

6

04. Número de actividades desenvolvidas para a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

2



06. Porcentaxe de participación de alumnas nesta actuación

80

07. Porcentaxe de participación de alumnos nesta actuación

80

08. Porcentaxe de participación de docentes (homes) nesta actuación

60

09. Porcentaxe de participación de docentes (mulleres) nesta actuación

60

B) COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a aportar os seguintes recursos económicos:

Modalidade 02. IGUÁLA-T

Gastos de funcionamento: 1200€

